Num. 246

FOUCE

Verán 2006

Periódico labrego de información técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

O Ministerio torpedea ao leite galego co reparto de cota e unha nova supertaxa

■ Confírmase un reparto da cota láctea abandonada que marxinará ás pequenas e medianas explotacións que máis necesitan os dereitos, maioritarias en Galiza.

■ A nova supertaxa impón unha multa de 1'07 millóns de euros a 200 explotacións galegas, moitas das cales tiveron que superar a súa cota para poder chegar a fin de mes. **Páx. 5**



Concentración de denuncia polo leite a baixo prezo

Nesta imaxe, o cartón de leite que ten a Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, custou 45 céntimos, un valor que non dá nin para cubrir os custes da produción leiteira. Velaí o motivo polo que as tres organizacións agrarias se concentraron diante do hipermercado Lidl, en Compostela: para denunciar estas prácticas comerciais que rozan a fraude e axudan a afundir aínda máis os prezos. Ademais, nas negociacións da mesa do leite, as industrias escúdanse nestas grandes superficies comerciais ao culpalas da caída dos prezos. Sen dúbida, tanto as empresas como os hipermercados gáñalle moito ao negocio do leite nunha cadea na que só perden labregos e labregas. **Páx. 5**

TÁBOA

■ **Adro**

Estudios e campañas de denuncia contra os pesticidas

Por iniciativa do SLG, o Centro de Seguridade e Saúde Laboral, da Consellaría de Traballo, está a realizar un estudio epidemiolóxico entre os traballadores e traballadoras de horta da Coruña que utilizan agroquímicos. Isto nun contexto no que medra a oposición aos pesticidas a nivel internacional. **Páxs. 2 e 3**

■ **Galiza**

O SLG reclama axudas para os danos do lume na agricultura

Cando Galiza está a sufrir outra vaga destrutora polos lumes forestais, o Sindicato Labrego reclamou das administracións públicas que creen unha partida orzamentaria para paliar os danos que o fogo está a causar nas explotacións agropecuarias do noso país. **Páx. 7**

■ **Aldea Global**

A OMC colleita un novo fracaso en medio de protestas globais

O compañeiro Xosé Ramón Cendán estivo en Xenebra, a finais de xullo, mentres a OMC tentaba acadar un acordo *in extremis* para liberalizar os mercados agrarios internacionais. O acordo rematou de novo en fracaso e, desta vez, a Unión Europea viulle as orellas ao lobo. **Páx. 8**

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570
e-mail: prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com



Suplemento especial:
Cara a onde debe ir o viño galego?

A recente proposta de reforma da OCM do Viño da Comisión Europea, ou a aprobación da Indicación Xeográfica Viñedos de España do Ministerio de Agricultura, apuntan á liberalización salvaxe do sector vitivinícola, atentando contra a razón de ser das denominacións de orixe. Neste contexto, Fouce edita o seu especial do viño deste ano, onde estas e outras cuestións vitais para o sector serán abordadas. **Caderno central**

TÉCNICO ESPECIALISTA EN VACÚN DE LEITE

Curso de 150 horas, con contidos teóricos e prácticas en granxas
Custo da matrícula: **650 euros. Inclúe material e aloxamento en réxime de pensión completa**
Duración: **do 9 ó 20 de outubro de 2006**
Organiza: **C.A.P. A Coruña**

PRAZAS LIMITADAS

ABERTA PREINSCRIPCIÓN

Información:
Tfno / fax: **981 633 159**
Tfno móbil: **649 372 511**
Enderezo electrónico: **cursocapscl@terra.es**



A discriminación das nais labregas xa está nos tribunais

A Axencia Tributaria teima en negarlle a axuda de cen euros mensuais ás nais labregas que teñen fillos ao cargo menores de tres anos. Alegan que estas mulleres non teñen ingresos propios, o cal acontece cando non son titulares da explotación e os cartos entran a nome do cónxuxe, algo habitual no noso país. O caso xa está nos tribunais, denunciado pola Secretaría das Mulleres do SLG, pois mesmo contradí unha resolución do Congreso dos Deputados. **Páx. 13**

FOUCE

Edita:
Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646
Coordinación:
Xosé García
Colaboracións: *Ramón Barreiro, Xosé Manuel González Vilas, Isabel Vilalba.*
Deseño e maquetación:
Xosé García
Sede da redacción:
Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
Depósito Legal: C-749/88


SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
SAN SADURNIÑO - 981 490430
Lugar de Outeiro s/n
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO- Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA- Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tlfno. 981 789 781
PONTEAREAS
R/ Darío Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edf.
Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tlf. 986 711825
VIANA DO BOLO Antigo centro de saúde. Tlfno. 629 621 047

Agroquímicos no punto de mira

O Sindicato Labrego está levando a cabo en Galiza un traballo pioneiro á hora de investigar e denunciar os efectos perniciosos para a saúde que ten o uso de pesticidas nas actividades agrarias. Así, por iniciativa do SLG, o Centro de Seguridade e Saúde Laboral, da Consellaría de Traballo, está a realizar un estudio epidemiolóxico entre os traballadores e traballadoras de horta da Coruña que utilizan agroquímicos en cultivos de invernadoiro.



As mazás da rexión francesa de Picardía reciben atra 27 tratamentos químicos por campaña

O pasado 12 de xaneiro, o responsábel do sector de horta do SLG na Coruña, Antón Sánchez García, dirixíase ao Centro de Seguridade e Saúde Laboral para proporlle un convenio de colaboración cuxo obxectivo sería realizar un estudio de vixilancia epidemiolóxica no sector agrícola.

O Sindicato Labrego realizaba esta petición tras detectar problemas de saúde naqueles labregos e labregas que desenvolven o seu traballo en invernadoiros. Segundo o escrito dirixido a Saúde Laboral, trátase de "problemas de saúde que, xeralmente, son tratados como enfermidades comúns, cando poden vir derivados ou agravados polas especiais condicións nas que se desenvolve esta actividade profesional; polo tanto, deberían ser obxecto da prevención de riscos laborais".

Unha semana despois, o Centro de Seguridade e Saúde Laboral aceptaba a proposta e poñía en marcha un Programa de Vixilancia Epidemiolóxica do Sector Agrario. Este programa desenvolverase no 2006, e constará de dúas fases. A primeira, feita en marzo, consistiu nun control de tipo biolóxico e médico entre traballadores e traballadoras que utilizan praguicidas de tipo organofosforado e carbamatos en invernadoiros. Este estudio preliminar fixo unha avaliación do estado de saúde dos labregos e labregas antes de utilizar os pesticidas.

Na segunda fase, en setembro, volveranse a realizar os mesmos controis que en marzo, pero xusto despois do período de máxima utilización de agroquímicos na actividade agraria.

Financiamento público para investigar herbicidas na Universidade de Santiago

A mediados de xuño, coñecíase a nova de que o departamento de Química Orgánica da Universidade de Santiago viña de patentar un novo herbicida polo que xa se interesou a multinacional Bayer. Diante disto, o SLG denunciou o feito de que, desde institucións públicas galegas, se financien "investigacións inútiles, prexudiciais, e lucrativas para as multinacionais".

Segundo explicou o responsábel dos sectores agrarios do SLG, Xosé Manuel González Vilas, "xa hai tempo que foi superada a necesidade de empregar agrotóxicos nas actividades agrícolas. Hoxe en día, o control das herbas só se debería realizar con métodos ecolóxicos, que non inclúen a utilización de substancias químicas estrañas".

O caso é que os departamentos de Química Orgánica de todo o mundo teñen fracasado sistematicamente neste campo dos biocidas, xa que a súa metodoloxía parte do descoñecemento dos equilibrios dos ecosistemas e da fisioloxía da planta. Por todo isto, o SLG esixiu a paralización destas pescudas e a cancelación inmediata de fondos públicos para apoialas.

Por se non abondasen os argumentos científicos, resulta inmoral que desde a Xunta non se dediquen os fondos do Plan Galego de I+D+I ao fomento de técnicas sustentábeis e respectuosas co medio ambiente e, en troques, se desvíen cartos ás multinacionais.

Neste senso, cómpre saber que o posíbel socio para comercializar o achado galego, Bayer, xa fabrica e vende todo tipo de agrotóxicos. Só na categoría de herbicidas, fabrica sete substancias moi perigosas: Anilofos, Bromoxynil, Diclofop, Fenoxaprop, Oxadiazon, Isoxaflutol e Metribuzin; con evidencias de que provocan cancro, intoxican o sistema reprodutivo e inhiben a enzima colesterasa.

No "Libro negro das marcas", dos xornalistas alemáns Klaus Werner e Hans Weis, a Bayer ocupa un lugar de privilexio entre as multinacionais con menos escrúpulos do planeta. A parte de estar acusada de explotación infantil e contribuír ao sostemento de guerras, "os herbicidas de Bayer ocasionaron lesións graves en persoas e animais, sobre todo no Terceiro Mundo. Por exemplo, co Baysiston (utilizado no cultivo do café), co Gaucho (para o xirasol, responsábel do exterminio de miles de colmeas de abellas en Europa); ou cos perigosísimos Nemacur, Folidol e Baycor, denunciados pola Comisión de Dereitos Humanos da ONU por provocar graves enfermidades no sueste asiático".

Inician en Francia unha campaña estatal de denuncia contra a presenza de químicos na alimentación

"Pesticidas? Non, grazas"

O Movemento Francés polo Dereito e o Respecto das Xeracións Futuras (MDRGF) vén de iniciar unha campaña baixo o lema de "Pesticidas? Non, grazas". Esta iniciativa xurdiu a raíz dos alarmantes datos publicados pola Unión Europea respecto da contaminación por pesticidas dos alimentos. Segundo se revelou nun encontro do grupo de traballo dos pesticidas da UE, reunido en Corfú (Grecia) do 21 ao 25 de maio, o 47% das hortalizas comunitarias en 2004 estiveron contaminadas con pesticidas, o cal supón un aumento do 3% con respecto a 2003.

A fiabilidade destes datos é grande, pois baseanse na análise de 60.000 mostras. En total, atopáronse 197 pesticidas diferentes, o cal tamén supón un incremento con respecto ao 2003, cando se atoparon 185. No 23'4% das mostras había máis dun pesticida.

Estas cifras son preocupantes, pois os efectos de pequenas cantidades de pesticidas durante períodos longos de exposición, derivan en numerosas enfermidades.

Os estudios científicos amósannos que as persoas expostas aos pesticidas teñen máis posibilidades de ter cancro, malformacións conxénitas, problemas de infertilidade e neurolóxicos, ou debilitamento do sistema inmunitario.

Cómpre saber que, dos numerosos pesticidas autorizados que se atoparon nos alimentos com residuos, 90 deles poden provocar cancro, e 50 poden perturbar o sistema hormonal humano, segundo as axencias sanitarias oficiais da Unión Europea e dos Estados Unidos.

Tamén hai estudios que apuntan aos pesticidas como unha das causas máis probábel da fibromialxia, síndrome de fatiga crónica ou sensibilidade química múltiple. Trátase dunha doenza crónica que, só no Estado Español, afecta ao 3% da poboación, é dicir, 1.500.000 persoas. Estudios médicos indican que, no 60% dos casos, os praguicidas están detrás desta enfermidade.


Os nenos e as nenas, debido á súa alimentación, teñen unha particular sensibilidade á contaminación por pesticidas. Recentes estudios demostraron que os fetos de mulleres embarazadas expostas a pesticida teñen dúas veces máis risco de ter malformacións.

Do mesmo xeito, o cancro infantil está en constante aumento. O INSERM (Instituto Nacional de Saúde e Investigación Médica de Francia) demostrou que os nenos e nenas de nais que utilizaron insecticidas no embarazo, tiveron dúas veces máis posibilidades de desenvolver leucemias infantís.

Substancias químicas nocivas para salferir a nosa alimentación



A media de tratamentos fitosanitarios que reciben as mazás de Picardía, en Francia, é de 27 por ano. Isto é unha boa mostra do contaminada que pode chegar a estar a froita á que se lle aplican tratamentos químicos. Nas análises da Unión Europea, atopáronse en mazás Captane (cancerígeno), Propargite (cancerígeno), e Phosalone (neurotóxico).



Remesas de tomates españois analizados en Suíza deron como resultado que o 81% contiñan residuos de pesticidas. Destes, o 7% superaba os límites máximos permitidos.

Entre os tóxicos atopadas estaban o Iprodione e Pricymidone (cancerígenos e perturbadores endocrinos), Chlorothalonil e Pyrimethanil (cancerígenos), e Carbendazim (mutaxénico e perturbador endocrino).



Os amorodos cultivados en invernadoiros son tratados con numerosos funxicidas. En 2000, houbo análises que amosaron que dous terzos dos amorodos tiñan refugallos de pesticidas, e o 15% pasaban os límites máximos.


Os principais residuos eran de Cyproconazole (cancerígeno e tóxico para a capacidade reprodutiva), Procymidone (cancerígeno e perturbador endocrino), Hexythiazox (cancerígeno), e Carbendazime (mutaxénico e perturbador endocrino).



As leitugas foron dos alimentos máis contaminados. Algunhas das moléculas detectadas con máis frecuencia en leitugas foron: Chlorothalonil (cancerígeno), Iprodione (cancerígeno e perturbador endocrino), Procymidone (cancerígeno e perturbador endocrino), Vinclozoline (cancerígeno, perturbador endocrino e reprotóxico), Deltamethrine (perturbador endocrino), e Propyzamide (cancerígeno e reprotóxico).



Un estudio de pementos da DG Sanco, en 2001, atopou endosulfatos no 31'7% das mostras, e methamidofos no 20'7%, superando o límite máximo o 18'7%. Ademais, nos pementos atopamos os neurotóxicos Chlorpyriphos e Methamidofos, os perturbadores endocrinos Deltamethri e Endosulfan, os cancerígenos Chlorothalonil e Cypermethrin, e Iprodione (cancerígeno e perturbador endocrino).



As patacas son, normalmente, as hortalizas tratadas con máis frecuencia con fuxicidas e antixerminativos. Nelas atopouse Thiabendazole, que é cancerígeno.



O 95% dos viños de cultura "tradicional" en Francia teñen residuos de pesticidas como Carbaryl (cancerígeno e perturbador endocrino), Carbezdazim (mutaxénico e perturbador hormonal), Pyrimétanil (cancerígeno), Tébuconazole (reprotóxico e cancerígeno) e Thiophanatemethyl (mutaxénico e cancerígeno).



O trigo pode ser tratado con moita frecuencia: ata nove tratamentos de media na rexión francesa de Picardía en 2001. O meirande dos cereais son tratados con insecticidas nos silos onde se conservan trala colleita. Podemos atopar Chlorpyriphosmethyl (neurotóxico), Delthamétrine (perturbador hormonal), Dichlorvos (cancerígeno e neurotóxico), e Malathion (cancerígeno, perturbador endocrino e neurotóxico).

nº 246
Verán de 2006
FOUCE

Editorial

Acoso administrativo contra as mulleres labregas

Os tempos van mudando, e cada vez se denuncian máis as distintas maneiras de acoso e desigualdade que sofren as mulleres polo simple feito de ser mulleres. Non embargante, hai un xeito de acosar e discriminar do que pouco se fala, e que afecta especialmente ao colectivo das labregas. Trátase do acoso administrativo, das diversas modalidades que ten a Administración de discriminar ás profesionais da agricultura.

A Secretaría das Mulleres do SLG ten denunciado, unha e outra vez, esa situación de desigualdade na falla de servizos sociais nas parroquias que apoien ás labregas na súa múltiple condición de nais, coidadoras de maiores, amas de casa, traballadoras en actividades agropecuarias, etcétera. Evidentemente, o problema da desigualdade no rural é dabondo grande como para que se resolva en pouco tempo. Iso sabémolo. Pero o que xa comeza a resultar inadmisíbel é que, cando se habilita dende a Administración algunha medida que beneficia ás mulleres en xeral, as labregas sempre rematamos nos tribunais para defender os nosos dereitos e poder acollernos tamén a esas axudas, a pesares de que cumprimos as condicións esixidas para ser beneficiarias.

Así, as labregas que son nais, e que non son titulares da explotación na que traballan, non teñen dereito a cobrar a axuda por ter fillos e fillas ao cargo menores de tres anos. Ben, en realidade, segundo o Congreso dos Deputados e segundo a aprobación inicial desa paga de 100 euros mensuais da que se beneficiaron as labregas solicitantes, si que teñen dereito. O problema é que, na declaración da renda, esas mulleres labregas que non son titulares da explotación na que traballan -non ocorre co resto de profesionais- teñen que devolver os 1.200 euros que recibiron de axuda ao longo do ano. A escusa da Axencia Tributaria para reclamarlles eses cartos é que non lles figuran ingresos propios, xa que eses cartos entran a nome do titular da explotación que, habitualmente, é o cónxuxe da solicitante. Iso si, ninguén lles dixo que non podían cotizar á Seguridade Social Agraria, tal e como fixeron dende sempre por ser profesionais. Semella que a Administración, á hora de recibir cartos dá facilidades, pero á hora de dalos xa é outro cantar.

> ***"Cando se habilita dende a Administración algunha medida que beneficia ás mulleres en xeral, as labregas sempre rematamos nos tribunais para defender os nosos dereitos".***

E falando desta Administración tan amarrada de cara ás labregas, hai que lembrar as tan cacarexadas axudas para apoiar a cotización á Seguridade Social das cotitulares nas explotacións. Dende o Goberno do Estado e a Consellaría de Traballo anunciaron, con moito rebumbio, esta medida dende hai tantos anos reivindicada polo Sindicato Labrego. O problema vén cando unha se fixa na letra pequena da orde: nela, quedan excluídas as labregas maiores de corenta anos. Sabendo que o medio rural galego está cada vez máis envellecido e que as incorporacións de mozas son case anecdóticas, razóns polas que as mulleres maiores de corenta anos son maioría, dá a impresión de que a Consellaría e o Ministerio de Traballo quixeron facer unha grande reforma sen gastar un peso. O resultado final foi unha reformiña que só beneficia a unha minoría e discrimina á maior parte das labregas.

Pero a máxima expresión desta flagrante discriminación profesional e de xénero deuna, hai pouco, o Consello Agrario Galego, órgano que tamén foi unha reivindicación histórica do Sindicato Labrego. Como ben saben, o Consello Agrario Galego está composto por 24 persoas, 12 representando á Administración, e outras 12 ás tres organizacións agrarias galegas (catro cada unha). Trátase dun foro de vital importancia, pois posibilitará un diálogo permanente entre a Xunta e as organizacións labregas do país. A sorpresa levouna o SLG ao ver a composición deste Consello, que se supón que representa á Galiza labrega na súa totalidade: 21 homes e 3 mulleres. Curiosamente, as tres mulleres son representantes do Sindicato Labrego, de maneira que, tanto a Xunta como os outros dous sindicatos agrarios, se esqueceron, unha vez máis, de que a metade das persoas que traballan no noso agro non son homes. Unha vez máis, tamén, as profesionais da agricultura e da gandería en Galiza terán os seus intereses representados e defendidos polo Sindicato Labrego Galego. Aínda menos mal.



O Ministerio torpedea ao sector leiteiro galego co reparto de cota e a supertaxa

As pequenas e medianas explotacións xa non son prioritarias, e cae unha multa de 1'07 millóns de euros

A finais de xullo, dúas novas descubriron a auténtica faciana do Ministerio de Agricultura cara ao sector leiteiro galego. A primeira, confirmaba un plano de reparto de cota que permitirá que o 80% dos dereitos abandonados fiquen na comunidade autónoma onde estaban, en troques de permitir que vaian para aquelas explotacións que, polo seu tamaño, máis os necesitan para facer viábel a súa actividade. A segunda é que unha nova supertaxa multará a 200 explotacións de Galiza con 1'07 millóns de euros. Menos mal que a Ministra é galega e progresista...

O pasado 28 de xullo, o Sindicato Labrego Galego facía pública a súa firme oposición ao plano leiteiro presentado polo Ministerio de Agricultura. As novas directrices que pretende marcar Elena Espinosa para repartir a cota abandonada deixa á súa sorte ás pequenas e medianas explotacións de tipo familiar de todo o Estado, maioritarias en Galiza, que xa non serán prioritarias.

A Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, dixo que o plan é "completamente inaceptábel" e cualificouno de "despropósito total". Ademais, Senra lembrou que a Ministra de Agricultura, Elena Espinosa, dixo que ía manter o plan do 2005 durante toda a lexislatura, polo que lle pediu "que cumpra o compromiso que asumiu o ano pasado coas organizacións agrarias".

Senra demandou que "se retomen os criterios do plan do ano pasado para permitir que pequenas e medianas explotacións con dificultades para acceder a cota poidan acadar dereitos suficientes para manterse en activo e conservar os postos de traballo que xeran".

Na rolda de prensa tamén interveu o responsábel dos sectores gandeiros do SLG, Xabier Gómez Santiso, quen pormenorizou as razóns polas que non vale un plan que permitirá que o 80% dos dereitos de produción abandonados fiquen na comunidade autónoma onde están. É ilóxico e inxusto que os dereitos abandonados polas explotacións que pechan fiquen en comunidades autónomas onde a media produtiva por explotación supera en moito á media estatal.



Senra e Gómez Santiso denunciaron ante os medios de comunicación as agresións do Ministerio ao sector leiteiro galego

Reestruturación sen gastar un peso

Santiso explicou que "o plan debería tentar facer viábeis o máximo número de explotacións posíbeis, e para iso só hai que facer algo moi sinxelo: darlle prioridade no reparto ás explotacións que non cheguen á cota media no Estado".

Dende este punto de vista, Xabier Gómez criticou que non se apoie ás persoas titulares maiores de corenta anos. Ademais, dáselle prioridade ás explotacións que fixeron investimentos, ficando fóra todas aquelas que non tiveron a suficiente rendibilidade para acometer esas inversións; e ás que son de tipo asociativo, fronte as de carácter familiar e labrego que son, precisamente, as máis duradeiras e articuladoras do tecido social do campo.

Finalmente, Santiso reclamou que a cota sexa gratuíta para esas explotacións que non superan a media estatal. En caso contrario, o 50% debería repartirse gratis, de tal maneira que a aquelas explotacións prioritarias que tivesen que mercala lles saíse á metade de prezo. O contrario, coma neste plan, "é querer facer un plan de reestruturación sen gastar un peso".

A caída de prezos e o medre dos custes obrigan a producir de máis para gañar algo

A nova supertaxa coa que o Ministerio de Agricultura volve a castigar ao sector leiteiro -1'07 millóns de euros que afectan a 200 gandeiros e gandeiras en Galiza- vén a demostrar que os dereitos de produción son manifestamente insuficientes para centos de explotacións que se vén obrigadas a superar a súa cota asignada para poder chegar a fin de mes.

O peor de todo é que, lonxe de darlle solución a isto, o Ministerio marxinará no reparto de dereitos a miles de pequenas e medianas explotacións que se atopan ao borde da creba económica por non poder producir máis, nun contexto de medre constante dos custes de produción -pensos, gasóleo, abonos, etcétera- e de estancamento ou baixada no valor do leite en orixe.

Os sindicatos denuncian a venda de leite por baixo dos 50 céntimos na cadea Lidl

O 31 de xullo, as tres organizacións agrarias galegas fixeron unha concentración de protesta diante do hipermercado Lidl de Compostela para denunciar a venda do litro de leite por baixo dos 50 céntimos. Na súa intervención, a Secretaria Xeral do SLG, Lidia Senra, explicou que "con semellantes prezos estase a vender por debaixo dos custes de produción, unha práctica coñecida como *dumping*. E tras dese *dumping* hai salarios de miseria, labregos e labregas que venden por menos do que gastan no seu traballo, e produtos que non sempre reúnen garantías nutritivas. Isto, amais de prexudicar gravemente ás explotacións leiteiras, ataca directamente ao conxunto da cidadanía".

En relación con devandito, Lidia Senra tamén criticou a actitude das industrias na mesa do leite á hora de negociar os prezos, pois "poñen como argumento para tirar o valor do leite en orixe o feito de que as cadeas de distribución vendan por baixo dos custes de produción. Por esa razón, queremos que estas escusas se erradiquen, e que o leite chegue á cidadanía a un prezo xusto".



As tres organizacións agrarias denunciaron as prácticas fraudulentas das distribuidoras

nº 246
Verán de 2006
FOUCE

A segunda Mesa da Pataca fracasa pola postura pechada dos almacenistas

O Sindicato Labrego Galego considerou inadmisíbel o modelo de contrato proposto pola Administración

A segunda xuntanza da Mesa da Pataca -á que asistiron representantes da Administración, das tres organizacións agrarias e dos almacenistas- saldouse cun rotundo fracaso. Para o representante do Sindicato Labrego neste foro de diálogo, Anxo Pérez Rúa, "a proposta de contrato presentada pola Administración é inadmisíbel". En efecto, neste encontro houbo un modelo de contrato sobre a mesa, pero tratábase dun documento "leonino, non paritario, e que impón condicións e obrigas aos vendedores, eximindo de toda responsabilidade ao comprador".

A segunda Mesa da Pataca celebrábase o 2 de agosto, pero as negociacións ficaron en punto morto por non aceptar o Sindicato Labrego a proposta de contrata ofertada pola Administración, e por negarse os almacenistas a negociar.

Anxo Pérez Rúa explica que, neste modelo, "había incluídos puntos que rozan a ilegalidade, como o de condicionar a venda da pataca de consumo á compra inicial de pataca de semente". Outras eivas deste contrato era que o período de pago proposto era excesivo; fronte a isto, o SLG propuña 14 días.

Tampouco satisfixo a Rúa o período de responsabilidade por parte do vendedor, que se limitaba a 45 días. Pola contra, o responsábel do sector da pataca do SLG propuxo que fose dun día, baseándose nas sentencias xudiciais que ten habido, segundo as cales no intre que o comprador recibe a mercancía, esta pasa a ser responsabilidade súa.



Anxo Pérez Rúa, o primeiro pola esquerda, foi o representante do SLG na Mesa da Pataca

En canto aos prezos, o SLG defendeu uns valores mínimos para a pataca que cubran os custes da actividade, e deixe un salario digno a quen traballa no sector. Os almacenistas defenderon un prezo de 11 céntimos, mentres que o SLG pediu 14, sen chegarse a acordos.

En resume, os almacenistas pecháronse na súa postura e negáronse a ceder en ningún dos puntos, actitude ante a cal o SLG decidiu pór fin á xuntanza. Para Rúa, "se nunha negociación unha parte non cede, enténdese que non hai negociación, senón imposición".

Dúas semanas despois da Mesa da Pataca, o Sindicato Labrego convocou ás xentes do sector nunha asemblea para explicar polo miúdo todo o acontecido e recoller as súas valoracións e propostas deste encontro.

Organizacións sociais defenden maiores cotas de autogoberno para Galiza

Dez organizacións galegas presentaban o 18 de xullo, en rolda de prensa, o "Manifesto a prol dun avanzo no autogoberno de Galiza". Entre elas atopábase o Sindicato Labrego Galego, representado polo seu secretario de organización, Xoán Monasterio.

O texto denuncia o desmantelamento do medio rural por mor da globalización, e pide, expresamente "o desenvolvemento do medio rural baseado nunha actividade agraria diversificada, que acometa os procesos de transformación e comercialización e que garanta aos labrego e labregas unha calidade de vida digna".

A maiores, tamén reclama "o recoñecemento da propiedade veciñal como singular, plenas competencias sobre os montes veciñais, desde a titularidade até o aproveitamento, pasando polos réximes fiscais, xa que agora están asimilados a sociedades mercantís con ánimo de lucro.

As organizacións asinantes do manifesto foron a Agrupación Cultural Alexándre Bóveda, Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega), Asociación Galega de Historiadores, Asociación de Montes en Man común (ORGACCMM), Asociación Sociopedagóxica Galega (AS-PG), Comités Abertos de Estudantes (CAE), Comités Abertos de Facultade (CAF), Confederación Intersindical Galega (CIG), Movemento polos Dereitos Civís, e Sindicato Labrego Galego (SLG).



Xoán Monasterio, terceiro pola dereita, representou ao SLG na presentación do manifesto

Tal e como se explicou na rolda de prensa, as organizacións sociais asinantes acordaron realizar este manifesto partindo da necesidade de que o debate para a elaboración dun novo Estatuto saia das instancias parlamentarias e se abra á sociedade para que "a nosa voz se escoite".

Cada unha das organizacións explicou un aspecto específico do manifesto en función do seu ámbito de traballo, centrando, en todo caso as súas intervencións nun punto de partida común e básico: a defensa de Galiza como nación e do seu dereito de autodeterminación.

ESPECIAL

FOUCE

VIÑO



Verán 2006

2-3 **A Comisión Europea e o Ministerio de Agricultura contra as denominacións de orixe galegas**

4-5 **A vendima que trouxo as mesas do viño:** Falan viticultores e viticultoras das cinco DOs galegas.

6-7 **Un ano de mobilizacións para acadar o que non deu o diálogo:** Memoria sindical do SLG no sector.

8 **Entrevista a Xurxo Álvarez**, responsábel da Dirección Nacional do Viño do Sindicato Labrego Galego

Cara a onde debe ir o viño galego?



A globalización ameaza os nosos viños

No mes de xuño producíanse dúas novas preocupantes para o viño galego. Por unha banda, a Comisión Europea anunciaba a súa proposta de reforma da Organización Común de Mercado (OCM) do Viño; por outra, a Ministra de Agricultura, a ourensá Elena Espinosa, presentaba o proxecto Viñedos de España.

Ambas iniciativas teñen un punto en común: potenciar os viños de mesa permitindo que nas súas etiquetas figure a anada e a caste de uva, algo que agora só poden facer os viños con denominación de orixe. Falando en prata, con estas reformas poderanse elaborar Albariños en Albacete ou Mencías en Cuenca sen necesidade de informar da súa orixe á xente que merque ese viño. É dicir, a fraude ao servizo das grandes superficies comerciais e distribuidoras.

Todo un torpedo na liña de flotación das nosas DOs que, tras varios anos e innumerábeis esforzos, están colleitando agora os froitos dun proceso de reestruturación que apostou pola calidade e as castes autóctonas que lle dan aos nosos viños personalidade de seu.

Velaí un conflito no que haberá que tomar partido: viños de mesa para vender de xeito masivo fronte a viños de calidade con denominación de orixe, prezos de miseria fronte a prezos dignos, marcas baratas orientadas á exportación fronte á conquista do noso mercado interno, ou despersonalización e deslocalización dos viños fronte ao viño como forma de cultura e parte fundamental da nosa personalidade como país.

A Comisión Europea e o Ministerio contra a cultura das denominacións de orixe

A reforma da OCM e o proxecto Viñedos de España abandonan ás DOs para potenciar o viño de mesa

En xuño, o Ministerio de Agricultura presentaba o seu proxecto Viñedos de España, e a Comisión Europea a súa proposta de reforma da Organización Común de Mercado (OCM) do Viño. Ámbolos dous plans teñen algo en común: pretenden potenciar a comercialización dos viños de mesa permitindo que nas súas etiquetas figuren a anada e a caste de uva, algo que só poden facer os viños con denominación de orixe. Outro punto de coincidencia destes proxectos para legalizar a liberalización salvaxe do sector é o rexeitamento que provocan entre profesionais.

A proposta de reforma da OCM do viño levantou a case todo o sector europeo na súa contra. En liñas xerais, a Comisión Europea propón subvencionar o arrinque de 400.000 hectáreas de viñedo -o 12'5% da superficie dedicada a esta produción na UE-, rematar cos apoios ao sector en épocas de crise, provocar unha caída do 20% nos prezos, e liberalizar a plantación de vides rematando cos dereitos.

A Coordinadora Labrega Europea (CPE) non dubidou en cualificar esta reforma de "perigosa, provocadora e contraditoria", engadindo que "trala apariencia dunha viticultura sostíbel, propón en realidade liquidar a milleiros de viticultores e viticultoras, e pretende mundializar a viticultura europea entregando a economía vitícola ás multinacionais, e mesmo trocar a propia natureza do viño".

No caso de Galiza, á que non lle afectará tanto o arrinque de vides, a preocupación está na pretensión de permitir que os caldos sen indicación xeográfica poidan amosar na etiqueta a variedade de uva e a colleita, para ser comercializados como viños do tipo "novo mundo" (World Wines). O problema reside en que o noso país importa moito viño de mesa e, coa proposta da Comisión, a presión comercial deste produto de venda masiva sería aínda maior, minguando o mercado das denominacións de orixe.

Así, podemos dicir que a proposta de reforma da OCM do Viño atenta directamente contra as denominacións de orixe vinícolas e, especialmente, contra as pequenas adegas que predominan nalgunhas das nosas Dos, como Ribeira Sacra ou Monterrei.



A Comisaria Marian Fishler Boel, e a Ministra Elena Espinosa, apostan por unha globalización salvaxe favorable ás industrias e aos viños de mesa e contraria á vitivinicultura labrega

Esa simplificación do etiquetado, proposta pola Comisión, pretende asentar a idea dun consumidor ou consumidora idiotas que non son quen de evolucionar nos seus gustos e que son incapaces de apreciar a diversidade vinícola. Para explicalo cun exemplo, un *Tempranillo 2008* de Bodegas Martínez, Albacete (España), así a secas; non pode ser o mesmo ca un *Ribeira Sacra Summum Amandi 2004*, da adega de Xesús Verao, elaborado con uvas de Mencía e Albarello. É evidente que, con esta OCM, Galiza sería dos países vitícolas máis prexudicados, xa que non temos un sector de viño de mesa galego -algo que, por outra banda, tampouco é desexábel-, nin somos potencia en exportación; precisamente, Galiza está collendo o camiño contrario, que é o dos viños de calidade media e alta, e aí debería seguir.

Medio Rural libra a Galiza de entrar na indicación xeográfica Viñedos de España

O Sindicato Labrego fixo público o seu malestar pola aprobación da indicación xeográfica Viñedos de España, por parte do Ministerio de Agricultura, a comezos de agosto. Para o responsábel do sector do viño do SLG, Xosé Manuel González Vilas, isto supón "un cabalo de Troia para introducir os viños de mesa en mercados nos que non daba entrado, posibilitando o engano da xente".


Con estas nova indicación xeográfica, os fabricantes poderán mesturar viños e uvas dun amplo territorio que vai dende as Canarias ata os Pirineos, cun mínimo sistema de control.

Así, poderanse etiquetar viños nos que se informará da caste de uva e da anada, pero non da procedencia. Por poñer un exemplo, un fabricante de Badaxoz podería elaborar viño con uva Albariño que se plantase nas Canarias. O resultado sería un Albariño coa indicación Viñedos de España, que se podería vender como tal en Galiza ou en calquera outra parte do Estado ou dos mercados estranxeiros onde se exportan viños galegos. A fraude estaría servida no que constitúe un auténtico atentado contra a razón de ser das denominacións de orixe.

Polo demais, o SLG valorou positivamente a decisión da Consellaría de Medio Rural de que Galiza non entre a formar parte de Viñedos de España, xunto a outras comunidades do Estado que apostan pola calidade, como A Rioxa, Castela e León ou Euskadi.

Viticultores de Italia, Portugal e Francia opinan sobre a proposta de OCM da Comisión e falan do sector

Unha volta polos viños europeos



Francesco Benciolini, viticultor en Lazise (Verona, Italia)

"A reforma da OCM suporía unha perda social, cultural, de calidade e diversidade"

Francesco Benciolini rexenta unha explotación ecolóxica de 48 hectáreas en Lazise (Verona), das cales 18 son de viñedo amparado por Custoza e Bardolino. Tamén é socio e vicepresidente da adega cooperativa de Castelnuovo del Garda

Francesco explicounos a importancia do sector en Italia con cifras: "dá traballo a unhas 700.000 persoas e ocupa 670.000 hectáreas". Da situación actual, lembrou que "nos últimos vinte anos, dende o escándalo do metanol, mudaron moitas cousas". Neste senso, "optouse pola calidade". Un dato ilustrador é que "mentres que en 1986 se consumían 44.680 toneladas de produtos químicos no sector; hoxe úsanse pouco máis de 14.000. Tamén se dobraron as denominacións de orixe, pasándose de 228 a 450".

Para Francesco, existe o problema dunha produción moi abundante con respecto á demanda. Isto agravouse coa entrada de viño foráneo a baixo prezo. Diante disto, "debemos potenciar as nosas tradicións, producindo viños con reputación de vello herdada en cada territorio, botando man da diversidade en castes e sistemas de crianza, e mantendo vivas as técnicas tradicionais de vinificación".

A proposta de reforma da OCM para Italia "suporía o abandono das pequenas explotacións vitícolas, ficando a ermo os viñedos en zonas de difícil acceso. Isto suporía unha perda social, cultural, de calidade e diversidade. Tamén entrarían en crise as cooperativas de pequenas explotacións, pois estas venderían dereitos e terras ás grandes empresas".

João Vieira, viticultor portugués e membro das executivas da CPE e da CNA

"A proposta da Comisión provocaría unha crise maior na viticultura portuguesa"

A explotación de João Vieira, en Póvoa (Cadaval, distrito de Lisboa) combina a produción forestal, coa produción de cereais e tres hectáreas de viñedo. "Con 7'2 millóns de hectolitros de media anual", explica Vieira, "Portugal é o sétimo produtor mundial de viño e o quinto de Europa, dando traballo a 227.000 persoas".

Os problemas do sector son semellantes aos de outros países: prezos moi baixos en orixe, envellecemento de viticultores e viticultoras, concentración da produción en grandes empresas, e falla de control das importacións por parte do Goberno.

A raíz destes problemas, Vieira ve como principais ameazas do sector "a diminución no número de profesionais da viticultura e, por ende, un maior abandono e desertización do medio rural".

A proposta de reforma da OCM da Comisión non aporta solucións a estes problemas. Pola contra "vaise utilizar para eliminar a milleiros de viticultores e concentrar a produción nunhas poucas multinacionais".

Con este panorama, João non dubida á hora de afirmar que, con esta OCM, "a vitivinicultura portuguesa entraría nunha crise aínda maior, con prezos de ruína no sector produtor, e con consecuencias económicas e sociais gravísimas".

Como alternativa, Vieira propón unha OCM que "ataque o produtivismo, co arrinque sen compensación das viñas ilegais, e prohibindo a mestura de viños de diferentes estados da Unión Europea".





Jean François Chapelle, viticultor da rexión francesa de Borgoña

"Cómpre unha fronte común ou, con esta reforma, desaparecerá o viño europeo"

Aínda que é sindicalista dende 1987, Jean François Chapelle só pasou a formar parte da Confédération Paysanne en 2004, organización integrada na CPE e na Vía Campesina coma o SLG.

Para este viticultor da rexión francesa de Borgoña, a reforma da OCM do Viño da Comisión "é un intento de adaptar o sector vitivinícola europeo ás regras da Organización Mundial do Comercio (OMC)". Diante disto, replica que "Europa é líder en materia vitivinícola, polo que é a propia Unión quen debe impoñer ás súas normas á OMC, e non ao revés". Neste senso, "as nosas denominacións de orixe non poden converterse en moeda de cambio para que outros sectores ou industrias poidan vender algún Airbús ou certos medicamentos no comercio internacional".

Respecto aos efectos da reforma, esta suporía "a eliminación de milleiros de pequenas explotacións vitícolas en toda Europa".

Aspectos concretos como o arrinque de viñedos, a supresión do azucre, ou a aceptación de mostos de terceiros países, son para Chapelle "propostas provocadoras da Comisión para que as diversas rexións vitícolas europeas se enfronten entre si, de maneira que sexa máis doado conseguir que a nosa viticultura se adapte aos ditados da OMC".

Diante disto, Jean François dá a voz de alarma e manifesta que "é urxente crear unha auténtica fronte de oposición a esta reforma, pois se vai para adiante suporá a desaparición do viño europeo".

Viticultores e viticultoras das cinco denominacións de orixe analizan a realidade do sector para Fouce

A vendima que trouxo as mesas do viño

A vendima do ano 2005 lembrarase en Galiza por ser a primeira na que a Xunta organizou mesas do viño en todas as denominacións de orixe. Foi aquí onde o sector notou máis o cambio de goberno. Neste contexto, o SLG fixo un intenso traballo, tanto nas negociacións, como co sector: informando, asesorando, e denunciando cando cumpriu.

Se ben o cumprimento dos pactos do 2005 foi abondo irregular, a vendima do 2006 chega coa esperanza de ter acordos firmes avalados por contrato.

Dende o sector, viuse de maneira moi positiva o inicio e asentamento do diálogo entre adegas, viticultores e viticultoras, e organizacións agrarias. Neso coincidiron as cinco persoas que entrevistamos nesta reportaxe. Aínda así, tamén hai certo escepticismo con respecto a que certos grupos de adegas cumpran os acordos.



O responsábel dos sectores agrarios do SLG, Xosé Manuel González Vilas; xunto ao coordinador da Dirección do Viño, Xurxo Álvarez, á saída dunha das mesas do viño



Antón Alonso Rodríguez, vitivincultor da denominación de orixe Monterrei

"Grazas ao convenio de Adegas Galegas co SLG estase levantando boa parte do viño almacenado"

Das catro hectáreas de viñedo que traballa Antón en Oimbra saen 60.000 quilos de uva. Cun 70% da plantación reestruturada con variedades como Tinta Fina, Mencía, Treixadura e Godello, dedica boa parte da colleita a elaborar viño.

Antón vaticina que haberá normalidade na colleita, pero en cuestión de prezos xa non é tan optimista, pois "se non o remediamos, empeorarán. Esa é a tendencia de Monterrei, onde imos de mal en peor".

Así e todo, e grazas ao convenio do Sindicato Labrego con Adegas Galegas para comercializar os 400.000 litros de excedente, "estase levantando boa parte do viño almacenado, e eu puiden vender o meu".

A pesares disto, Antón ve necesario que se chegue a acordos na mesa do viño "para ter un valor de base garantido por contrato". Confía pouco en que se respecten os acordos e agarda "que dea o seu froito o aviso de Medio Rural ás adegas, segundo o cal non terán dereito a axudas senón fan contratos e os respectan".

En canto aos problemas da DO, Antón explica que "estamos desorganizados, con moi pouca capacidade para recoller a uva de calidade. Cunha produción duns trece millóns de quilos en toda a DO, só dous millóns van para facer viño. É dicir, que case toda a uva de calidade de Monterrei véndese como uva común a prezos baixos". A solución pasaría por "abrir adegas privadas ou, mesmo, unha grande cooperativa".

E o consello regulador non axudou moito. Antón cualifica ou seu labor de "fatal", e agarda que unhas novas eleccións "poñan á súa fronte a persoas que estean vinculadas co sector, e que tiren pola comarca".

Roberto Rivas Reboredo, vitivinicultor e horticultor da denominación de orixe Rías Baixas

"A xestión de Marisol Bueno á fronte do Consello Regulador de Rías Baixas foi desastrosa"

Roberto divide o traballo entre unha explotación hortícola e unha hectárea de viñedo en Valiñas (Barro), con Albariño, Caíño e Barrantes. Diante do problema dos prezos, decidiu crear, xunto a varios veciños, a adega cooperativa Outeiro da Cruz, que producirá uns 50.000 litros de viño de calidade a partir desta vendima.

Pensa que os acordos nesta denominación de orixe foron importantes para a mocidade viticultora da zona, pois "estabilizan o mercado, evitan que o prezo caia en picado ao salvar a barreira do euro, e adiantan o cobro a decembro".

Un dos problemas cos que é crítico é o das "grandes plantacións de xente allea ao sector en terreos comunais. Cómpre parar xa este tipo de prácticas. Se hai necesidade de plantar máis en Rías Baixas, que eu teño as miñas dúbidas, quen temos os dereitos históricos somos os pequenos viticultores, e non Horacio Gómez, Manuel Cabezas, ou Marisol Bueno".

Respecto desta última, presidenta do consello regulador, Roberto non dubida á hora de afirmar que a súa xestión foi "desastrosa". Este cooperativista de Barro lembra que "nesta vendima, con problemas de uva colgada nos viñedos, a señora presidenta declaraba que era necesario plantar máis en Rías Baixas. Marisol Bueno levou a política das adegas ao extremo. Hai adegueiros que non están de acordo con esa política, e o sector vitícola teno todo en contra. Funcionoulle moi ben mentres as uvas se pagaron a 3 euros o quilo; pero, agora, ese sistema de plantar en todos os lados, ou de ampliar a zona ata o Ulla, foi excesivo".





Pablo González Gómez, vitivinicultor da denominación de orixe Ribeira Sacra

"Hai adegas que xa enviaron cartas ao sector vitícola para dicirlle que non van recoller a uva"

Con dúas hectáreas de Mencía e Godello en Margaride (Quiroga), Pablo engarrafa 4.000 botellas de viño de calidade que sae ao mercado coa marca Don Cosme e co amparo da DO Ribeira Sacra.

Pablo racha coa imaxe case idílica desta DO, e non o dubida á hora de afirmar que Ribeira Sacra "está peor do que se pensa. Actualmente, hai adegas que, por cada caixa de viño que venden, regalan outra, e ata dúas. Isto é un problema para que as pequenas adegas como a nosa acaden un prezo xusto acorde á calidade ofrecida".

A orixe deste tipo de prácticas comerciais está en ceder a venda do viño a axentes: "Cando un comercial leva vinte marcas, se cadra mete a túa produción por compromiso ao principio, pero se na hostalería non dan vendido ese viño, deixarán de collelo. As consecuencias témolas hoxe con algunha adega que ten máis de 3.000 caixas sen vender do ano pasado, e que xa está a vender viño deste ano".

Por iso, Pablo defende unha relación directa entre a adega e o hostaleiro, pois "o mellor xeito de coñecer o mercado é ter un contacto directo cos clientes. Así, non hai posibilidade de engano".

Respecto ao sector adegueiro, Pablo di que "hai adegas que xa comezaron a remitir cartas aos viticultores e viticultoras para dicirlles que este ano non lles van coller a uva. Non poden meter uva cos almacéns e os tanques cheos".

Polo demais, Pablo tamén denuncia o "pouco control en Ribeira Sacra sobre a entrada de uva foránea" e incide no problema do relevo xeracional: "Temos 99 adegas, e moitas delas rexentadas por xente de máis de sesenta anos".

Adolfo Collarte Pérez, viticultor da denominación de orixe Ribeiro

"As adegas queren pagar o menos posíbel e, se non loitamos, acabarán saíndose coa súa"

Xunto a outros catro compañeiros, Adolfo fundou, hai medio ano, a cooperativa vitícola Cume do Avia, en Santo André de Camporredondo (Ribadavia), na DO Ribeiro. Entre os cinco teñen seis hectáreas de viñedo, e aspiran a dez. A súa aposta pola calidade e as castes autóctonas é clara: Treixadura, Albariño, Godello, Loureiro, Brancellao, Sousón e Caíño son algunhas das variedades que cultivan.

Adolfo ve necesarias as negociacións, e cre que "debe seguir habendo mesas do viño e que nós debemos seguir pelexando polos nosos intereses. Os adegueiros queren pagar o menos posíbel, e se non loitamos acabarán saíndose coa súa".

Precavido, Adolfo afirma que "unha cousa son os acordos, e outra é que che paguen de verdade o acordado. Na pasada vendima, sacando algúns que asinamos contratos homologados, o resto tivo problemas".

Precisamente, o Ribeiro amosouse este ano como unha das DOs máis conflitivas. Isto débese, segundo Adolfo Collarte, a que "as adegas comercializan unha parte ínfima de viño con denominación de orixe, e o resto véndeno como viño de mesa, moito máis barato e con prezos baixos para a uva".

Como no resto de Galiza, "un dos nosos problemas fundamentais é o envellecemento do sector e a falla de relevo xeracional", diante do cal Adolfo pide un apoio expreso: "Se queren que no agro haxa un relevo xeracional. Debería haber políticas máis decididas para facilitar o acceso á terra, sobre todo para aquelas persoas que queren desenvolver proxectos viábeis e interesantes, e á xente nova".





Raquel Biscaia López, viticultora da Denominación de Orixe Valdeorras

"O noso obxectivo debe ser acadar mellores prezos que paguen a calidade das nosas uvas"

Raquel Biscaia vén de facerse cargo da explotación vitícola dos seus pais en Chandoiro, O Bolo. Pendente de ampliala, agora mesmo traballa cinco hectáreas nas que produce uva da que só unha mínima parte vai para viño propio de autoconsumo.

Esta viticultora non confía moito na posibilidade de que suban os prezos da uva na seguinte vendima, pois "hai bastantes excedentes de viño en todas partes". De feito, afirma que aínda hai moita uva sen pagar do ano pasado. Así e todo, cre que acadar uns prezos mellores "debe ser o obxectivo, pois estamos traballando cunhas uvas de moita calidade".

Raquel amosouse confiada á hora de que haxa contratos homologados na seguinte vendima e que se respecten: "Será bo para homoxeneizar os prezos".

Respecto das necesidades da DO, Raquel pensa que "o que nos falta é consolidarnos no mercado. E para iso hai que facer boas campañas publicitarias e estratexias mercantís. Esta zona está apostando claramente polo Mencía e o Godello como viños de alta calidade. Cunha boa política de mercado, o sector poderíase consolidar na comarca".

A isto último podería axudar o cambio de presidente que houbo no consello regulador, xa que este órgano "é o responsábel de marcar a política do viño na zona, de impulsar campañas publicitarias, ou de facer actividades formativas para que a xente siga coidando das viñas co cariño e a paixón que o fixo ata o de agora. En resume, de facer ese mínimo de traballo que ata o de agora non se estaba a facer".

Un ano de mobilizació acadar o que non deu o

O SLG desenvolveu un intenso traballo social para forzar os mellores acordos

As negociacións nas mesas do viño estiveron acompañadas de numerosas mobilizacións para facer cumprir os pactos acadados. En El Corte Inglés de Vigo, no Carrefour de Ourense, ou en asembleas parroquia a parroquia, o Sindicato Labrego traballou a reo para que o sector estivese ao tanto da evolución do diálogo, e para denunciar diante de quen merca o viño a aquelas adegas cegadas por lucrarse ao máximo a expensas das explotacións. A maiores, o SLG desenvolveu un intenso labor en positivo con actividades formativas e de promoción en toda Galiza.





Na esquerda, encontro co delegado do Goberno, Manuel Ameijeiras, para reclamar maior control para evitar a entrada de uva foránea nas DOs; a da dereita, manifestación en El Corte Inglés de Vigo para denunciar a actitude dun grupo de adegas de Rías Baixas que se negaban a respectar os acordos da mesa do viño

Outono 2005

Inicio do diálogo, Touriño polo Rioxa, e mobilizacións do SLG en Rías Baixas

A actividade sindical do SLG no sector vitivinícola comezaba na vendima do 2005 cun intenso traballo nos novos foros de diálogo creados pola Consellaría de Medio Rural: as mesas do viño. Cos primeiros acordos sobre a mesa, o SLG propúxose velar polo seu cumprimento, coa vista xa posta nunha demanda irrenunciábel: contratos homologados que garantan prezos e recollida. Así e todo, aínda que as negociacións nas diversas DOs absorberon boa parte das súas forzas, o Sindicato Labrego seguiu traballando cóbado a cóbado co sector: informando, asesorando, e denunciando cando así cumpriu.

Así, O 6 de setembro, o SLG mantivo un encontro co Delegado do Goberno, Manuel Ameijeiras, para reclamar a mellora dos operativos de control durante a vendima para evitar a fraude, tanto nos pasos fronteirizos como nas demarcacións entre denominacións de orixe.

Outra das demandas do SLG en plena vendima foi a reapertura do proceso de actualización do rexistro dos dereitos do viñedo, xa que este proceso aínda non se completou. Este proceso resulta imprescindible para poder pór en marcha un banco de dereitos en Galiza, xa que hai máis de tres campañas que non se reparten dereitos fóra do mercado privado.

O SLG aproveitou tamén para demandar a apertura dun prazo de regularización de viñedos, en concreto para aqueles que foron plantados entre 1986 e 1988, que foi cando España entrou na Unión Europea e se estableceu o réxime de dereitos.

Zapatero non proba os tintos galegos

O 3 de outubro, o Presidente do Goberno español, Xosé Luís Rodríguez Zapatero, visitaba Galiza. O seu homólogo na Xunta, Emilio Pérez Touriño, agasallouno cun xantar oficial no que serviu viño tinto da Rioxa.

A reacción do SLG non se fixo agardar, e denunciou a actitude colonialista da Presidencia da Xunta con respecto dos viños galegos durante a recepción. Para o Sindicato Labrego, a ausencia nun xantar oficial da Xunta de tintos de calquera das denominacións de orixe galegas demostraba un absoluto desprezo polos nosos produtos agroalimentarios que se fixo máis ferinte, se cabe, por terse realizado en plena vendima.

A maiores, aproveitando o paso de Zapatero por terras de Verín, o SLG facíalle chegar unha carta na que denunciaba o abandono ao que a Administración condena a esta comarca ourensá, con só 670 hectáreas amparadas na Denominación de Orixe Monterrei, das 3.000 de viñedos que hai na comarca; e tan só 16 adegas.

Polo demais, o SLG desenvolveu, tamén entre outubro e novembro, unha intensa campaña de asembleas para manter ao sector informado do incumprimento dos acordos por parte de varias adegas de Rías Baixas, e defendendo 1'20 euros como prezo mínimo de base para a uva Albariño

Ese fracaso das negociacións na mesa do viño de Rías Baixas, obrigou ao SLG a iniciar mobilizacións en solitario para defender os intereses do sector. Un grupo de adegas negábase a aceptar un prezo mínimo para a uva Albariño de 1'20 euros, amais de incumprir os acordos da vendima.

O 16 de decembro, o responsábel dos sectores agrarios do SLG, Xosé Manuel González Vilas, convocaba aos medios de comunicación en Pontevedra para denunciar, nome a nome, a esas adegas. Como este aviso non chegou, o 23 de decembro o SLG iniciaba unha campaña informativa de cara á xente en El Corte Inglés de Vigo.

O anuncio da manifestación provocou que o día anterior, 22 de decembro, se producisen unhas intensas negociacións que remataron cando o grupo de adegas que se ía denunciar admitiu sentarse a dialogar de novo.

ns para diálogo

posíbeis para o sector

Inverno 2006

Dirección do Viño, avance en Rías Baixas e novas vías para comercializar en Monterrei

O ano comezaba cunha xuntanza da Dirección do Viño do SLG, o 28 de xaneiro en Ribadavia. Este órgano do Sindicato Labrego decidía seguir demandando a creación de contratos homologados en todas as denominacións de orixe que garantan un prezo mínimo de base para as diversas castes de uva.

Ademais, tamén acordaba defender que calquera contraprestación en forma de axudas ás adegas industriais só se dese a cambio de que realicen este tipo de contratos e acaden compromisos.

En caso de non haber acordos, a Dirección do Viño do SLG deu vía libre a mobilizacións contundentes para defender os intereses das explotacións vitivinícolas do país.

A aposta pola calidade, a renovación dos consellos reguladores, ou o debate para definir que criterios deben rexer a estruturación do viñedo en Galiza, foron outros temas tratados nesta xuntanza. Tamén se chegou ao acordo de pedirlle á Consellaría que iniciase unha forte campaña de promoción a favor dos viños galegos.

En febreiro, o traballo do SLG saldábase con avances tan importantes coma un principio de acordo coas adegas en Rías Baixas, despois das mobilizacións en Vigo; ou un acordo de comercialización coa empresa Grupo Galego para comercializar a metade dos 400.000 litros de viño almacenados en Monterrei que non se deron vendido.

Ademais, o SLG reclamaba da Ministra de Agricultura que defendese as especificidades de Galiza diante da reforma da OCM do viño na Unión Europea.







Arriba, á esquerda, unha das ducias de asembleas coas que o SLG mantivo informado ao sector; á dereita, Lidia Senra e Xurxo Álvarez na manifestación de abril en Ribadavia; abaixo, concentración no Carrefour de Ourense contra as adegas do Ribeiro que non respectan os acordos

Primavera 2006

Mobilizacións no Ribeiro e accións positivas do SLG por toda a xeografía galega

A primavera había vir quente para o sector. Se marzo remataba co aviso lanzado polo Sindicato Labrego de posíbeis mobilizacións no Ribeiro para esixir que se cumprisen os acordos da Mesa do Viño, o seguinte mes comezaba con todo o sector botado nas rúas de Ribadavia. Foi o 10 de abril cando a capital do Ribeiro se encheu con miles de persoas para esixir demandas comúns coma uns prezos xustos para a uva, ou o respecto dos acordos da Mesa do Viño.

Tamén en abril, o SLG obtiña o froito a todo un ano de traballo promovendo o viño do Barbanza con cursos formativos e actividades dinamizadoras: nun encontro coa Consellaría de Medio Rural, celebrado o 20 de xullo, confirmábase a concesión da denominación xeográfica Viños da Terra para o Barbanza.

Coa mesma arela dinamizadora, comezábase en Verín unha campaña de formación e promoción do sector vitícola; facíase isto trala segunda Mesa do Viño de Monterrei, celebrada o 26 de abril, na que o SLG recollía a proposta da Xunta de realizar iniciativas en positivo para o desenvolvemento da denominación de orixe.

E en vista de que a manifestación do 10 de abril non fixo recapacitar a moitas adegas do Ribeiro, que seguían sen cumprir os acordos, o Sindicato Labrego pasaba de novo á acción en solitario cunha concentración simbólica de medio cento de viticultores e viticultoras no Carrefour de Ourense. Acontecía o 27 de maio, e nela repartíronse centos de panfletos informando á cidadanía das marcas de viño e das adegas que estaban arruinando ao Ribeiro coa súa teimuda morosidade e negativa a cumprir os acordos.

Verán 2006

Principios de acordo nas DOs e ameazas dende o Ministerio e a Comisión Europea

O traballo de todo un ano comezaba a dar os seus froitos, e no Ribeiro, Valdeorras, Monterrei, Rías Baixas e Ribeira Sacra chegábase a principios de acordo en cuestións básicas coma prezos ou realización de contratos homologados.

Cando todo comezaba a funcionar ben na Galiza, o desafío había vir de fóra en forma de vaga globalizadora. Mentres que o Ministerio de Agricultura anunciaba a súa intención de crear a denominación "Viñedos de España", a Comisión Europea facía publica a súa proposta de reforma da Organización Común de Mercado. Ambas iniciativas potencian viños de mesa impersonais, deseñados para a venda masiva, en beneficio das grandes superficies comerciais e das industrias, un auténtico torpedo na liña de flotación das denominacións de orixe e da súa razón de ser.

O SLG acudiu a Bruxelas para coordinar coas organizacións da Coordinadora Labrega Europea (CPE) unha oposición frontal a estes proxectos.

FOUCE

En breve

Un convenio con Adegas Galegas dá saída ao 50% do viño parado de Monterrei

Diante da situación límite que estaba a vivir o sector vitivinícola na denominación de orixe Monterrei, con máis de 400.000 litros de excedentes almacenados sen comercializar, o Sindicato Labrego iniciaba hai meses un proceso de negociación coa empresa Adegas Galegas para tentar chegar a un acordo polo que se lle dese saída comercial a esa produción. O resultado deste traballo é que, a día de hoxe, xa se recolleron 60.000 litros dese viño excedentario, o que supón un 15%. As previsións apuntan a que se logrará vender a metade dos excendentes, é dicir, 200.000 litros.

O SLG celebra a creación da indicación Viños da Terra para o Barbanza

O Sindicato Labrego celebrou a aparición da nova indicación xeográfica Viños da Terra para o Barbanza. Trátase dunha boa nova agardada por unha bisbarra que ten un milleiro de hectáreas de viñedo rexistradas sen amparar. A nova producíase nun encontro que mantiveron, o 19 de xullo, o responsábel do sector vitivinícola do SLG, Xosé Manuel González Vilas, e representantes das asociacións de viticultores barbanzás; con técnicos da Consellaría de Medio Rural.

Esta nova indicación nace coa intención de asumir os máximos criterios de calidade, con producións máximas de 2.000 quilos por hectárea, e coa inclusión das mellores castes de uva como Treixadura, Caíño, Sousón, Godello ou Albariño. Merece especial mención a caste autóctona Raposa.

Xurxo Álvarez, responsábel da Dirección do Viño do Sindicato Labrego Galego

O do oficio de viticultor a Xurxo Álvarez vénlle de cando era neno e axudaba á súa familia a facer o viño na casa. Pero foi só hai uns poucos anos cando decidiu retornar aos viñedos familiares de Cenlle (DO Ribeiro) para dar continuidade, como profesional, a esa tradición centenaria. Con máis de dúas décadas de actividade sindical ás costas, Xurxo forma parte da Executiva do Sindicato Labrego Galego, e é o responsábel da Dirección Nacional do Viño. Como tal, participou activamente nas mesas do viño e nas mobilizacións do sector neste ano de cambios.

"Cómpre potenciar pequenas cooperativas e adegas para non depender da industria"

■ Este foi o ano no que as mesas do viño asentaron o diálogo no sector. Como avaliaría este proceso?


Despois de dezaoito anos sen ningún tipo de contacto, a Consellaría foi quen de sentar a sindicatos e industrias para falar e tentar chegar a algún tipo de acordo. O problema é que á industria non se lle ve moito interese en solucionar os problemas da compravenda de uva.

■ Que pasa entón co sector adegueiro?

Foron dezaoito anos facendo o que lles petou, polo que conseguir que razoen é complicado. Respecto disto, eu teño unha opinión moi persoal, e é que o meirande dos empresarios destas adegas industriais coinciden politicamente co PP, polo que a falla de acordos pode deberse a un pulso que lle están a botar á Consellaría e aos sindicatos.

■ Son aínda moitos os problemas sen solucionar que arrastra o sector en Galiza?

No sector, en xeral, está todo por facer. Amais dunha política global, habería que identificar os problemas propios que ten cada denominación, e despois buscar solucións concretas a cada caso. Cómpren cartos públicos, profesionalización do sector, potenciar as pequenas adegas e cooperativas para non depender tanto das industrias. O vitivinícola é un dos sectores agrarios máis envellecidos, e hai que buscarlle solucións xa.



Xurxo traballa os viñedos que xa traballaban os seus antergos no municipio de Cenlle, na rexión vitivinícola do Ribeiro

"A OCM do Viño da Comisión sería un desastre para Galiza"

■ Que opina do proxecto Viñedos de España, impulsado polo Ministerio de Agricultura?

Crear algo tan abstracto como Viñedos de España para amparar viños de mesa con variedade de uva e anada, só pode levar á confusión xeneralizada da xente. Se cadra, interésalle a algúns empresarios que queren mover viño dunhas zonas de España a outras. Por exemplo, traelo de Castela para embotellalo en Galiza, que é un xeito de vender ese viño como galego sen que o sexa.

Se a Ministra ten intención de defender os viños que hai no Estado, o primeiro que debería facer é apoiar ás denominacións de orixe.

■ Pois a proposta de reforma da OCM do Viño da Comisión Europea non debe ser mellor.

Esa reforma suporía o desmantelamento do sector. A proposta da Comisión ten como único obxectivo eliminar 400.000 hectáreas de viñedo. Os mecanismos que vai utilizar para isto son tres: baixada de prezos, que chegará ao 20% en tres anos; supresión dos dereitos de plantación; e tamén primas para subvencionar o arranque. E todo isto só para adaptarse ás regras da Organización Mundial do Comercio (OMC).

Se vai adiante, pecharán miles de explotacións, sobre todo as pequenas. Imaxina o que suporá isto para Galiza: caída de prezos, subvencións para arrincar, e nun sector tan envellecido coma o noso. O resultado sería o aceleramento do abandono da produción, ficando o viñedo a ermo. Se vai adiante, para Galiza sería un auténtico desastre, o caos.

"Non debemos facer viños estandarizados coma se fosen un refresco calquera"

■ Diante desta vaga globalizadora, cal pensa que debe ser a vía que colla a vitivinicultura galega?

O bo da viticultura, e de calquera sector agrario, está na diversidade, nos distintos sabores e olores. O que non se pode facer son viños estandarizados coma se fosen un refresco calquera. Debemos facer produtos diferenciados, e a xente ten que comezar a aprecialos.

Unha planta é un ser vivo, e é diferente a que medra aquí que a que medra cincocentos metros máis alá: en produción, en azucres, e mesmo nas probabilidades de que lle ataque o mildeu. Coa diversidade do noso país, con cinco denominacións de orixe, o que nos mantén co listón alto é esa diversidade de terras e variedades. Deberiamos coidar diso, e elixir moi ben o modelo produtivo que queremos, orientándoo á calidade e non á cantidade.

■ Que medidas políticas se deberían tomar para optar por esa vía?

Habería que tentar rexuvenecer o sector, pois ese é un dos nosos grandes problemas: o 80% dos produtores están xubilados. Medidas como o banco de terras, habería que poñelas xa en marcha para recuperar todas esas leiras que agora están abandonadas.

Tamén deberían potenciarse as pequenas adegas e pequenas cooperativas, que é onde se pode facer viño diferenciado, ao contrario da estandarización a que nos ten afeitos a industria: un modelo produtivo baseado nas pequenas adegas de colleiteiro para darlle valor ao noso traballo nas viñas.

O SLG pide axudas para as explotacións labregas afectadas polos incendios

Tamén expresou o seu apoio e solidariedade cara ás vítimas dos lumes forestais e as súas familias

Un ano máis, Galiza arde polos catro puntos cardinais. Miles de hectáreas arrasadas que non sempre son monte: tamén se levan por diante instalacións agropecuarias, e as colleitas e pastizais destinados a alimentación animal. As explotacións afectadas vanse ver en serios apretos económicos, polo que o SLG xa reclamou que se lles indemnice axeitadamente, con independencia de que estean ou non aseguradas. Estes son danos que, con apoio da Administración, poden ter remedio. O peor foron as vítimas destes lumes asasinos, coas que o SLG se solidarizou.

O Sindicato Labrego Galego, diante da grave situación que está a vivir Galiza como consecuencia dos incendios forestais, fixo un manifesto público no que, en primeiro lugar, expresou o seu pesar e solidariedade coas familias das persoas que perderon a vida por mor dos incendios. Para o SLG, Os incendios forestais teñen consecuencias nefastas para o conxunto da cidadanía, polo que, para atallalos definitivamente, cómpre que a sociedade no seu conxunto tome conciencia e actúe fronte ao lume.

A primeira medida concreta demandada polo SLG no documento foi, diante da situación dramática que sufriron moitos núcleos de poboación que correron un grave perigo pola chegada do lume, que a Administración galega poña en marcha os mecanismos necesarios para que se corten os eucaliptos e piñeiros que hai plantados no entorno das vivendas e núcleo poboacionais, xa que entrañan un gravísimo risco en caso de incendio.

A maiores, o SLG tamén denunciou que, ademais das grandes perdas provocadas polo lume na madeira, na biodiversidade e no medio ambiente, os estragos tamén están a tocar de cheo ás explotacións agropecuarias, ocasionando abondosas perdas a labregos e labregas, tanto en instalacións como na alimentación para o gando.

Por iso, reclamouse das administracións públicas a habilitación dunha partida orzamentaria para compensar estes danos e a todas as persoas afectadas. Neste senso, o SLG advertiu que non tolerará a condición imposta polo Ministerio de Agricultura no 2005, cando só concedeu esas axudas a quen tiña un seguro agrario contratado.

Finalmente, o SLG volveu denunciar que na expansión do lume ten moito que ver o abandono da actividade agraria. Neste sentido, o Sindicato Labrego valorou positivamente os pasos dados pola Consellaría de Medio Rural coa activación do banco de terras e a prohibición de forestar terras agrarias. Pero, a maiores, o SLG instou á Consellaría a seguir afondando con outras medidas para manter en activo as explotacións agrarias existentes, pois é urxente actuar para apoiar o mantemento das pequenas explotacións.



O lume cercou vivendas e explotacións, co perigo engadido de ter plantacións forestais a carón



Un novo fracaso da OMC bota por terra a liberalización dos mercados agrarios

A CPE e a Vía Campesina celebraron esta "boa nova para os labregos e labregas de todo o mundo"

Definitivamente, as negociacións na Organización Mundial do Comercio (OMC) para liberalizar os mercados agrarios en todo o mundo fracasaron. E é que, por fin, semella que a Comisión Europea lle viu as orellas ao lobo: de chegarse ao acordo proposto polos grandes países exportadores, encabezados por Brasil e India, na Unión Europea desaparecería a produción avícola e de vacún de carne, e perderíanse un millón de postos de traballo relacionados co medio rural. E ás explotacións familiares deses países exportadores non lles iría mellor.

No ano 2001, dende a OMC impulsábase a coñecida como Rolda de Doha, que pretendía a liberalización do comercio agrario mundial, é dicir, a eliminación das barreiras entre países para que circulen libremente os produtos do agro. Agora, despois dos fracasos en cumios como o de Cancún ou Hong Kong, a Rolda de Doha apañou unha nova derrota en Xenebra que semella definitiva.

Nun informe presentado pola propia Comisión Europea, os datos fixeron recuar aos nosos gobernantes que, ata o de agora, gababan con ledicia as virtudes desta liberalización salvaxe.

De ter ido para adiante os acordos, o mercado comunitario para a carne de vacún caería un 58%, e o de aves un 43%. A cabana extensiva de vacún de Irlanda e do centro de Francia, e toda a produción avícola, desaparecerían.

En canto á produción comunitaria de cereais, dous terzos dedicaríase a alimentación animal, e prevíanse uns excedentes neste sector ata 2014 de 50 millóns de toneladas.


En canto ás rendas, aceptar as regras que pretendían impoñer na OMC tería suposto unha caída de ingresos para o mercado agrícola de 37.000 millóns de euros, e a renda dos labregos e labregas tería minguado un 25%.

Organizacións como o COPA e COGECA, que non se caracterizan, precisamente, por ser contrarias á OMC, vaticinaban unha ampliación desta desfeita a sectores coma o hortícola e o da froita, e a perda dun millón de postos de traballo no campo e nos sectores vinculados ás actividades agrogandeiras.

Unha ameaza para a seguridade alimentaria

Ademais, a ameaza non voaba só sobre os labregos e as labregas, senón que afectaba á cidadanía de cheo. Cómpre ter en conta que a desfeita dos nosos sectores produtivos produciríase ao deixar entrar de xeito masivo produtos doutros países onde as esixencias sanitarias, medioambientais, veterinarias ou laborais son poucas ou, sinxelamente, non existen. De aí que produzan moito máis barato que na Unión Europea.

Neste senso, cómpre lembrar que a Oficina Alimentaria e Veterinaria da Unión Europea vén de publicar un informe demoledor sobre a salubridade de moitos produtos que importamos do Brasil, principalmente carne de vacún, que é máis barata ca nosa a pesares de ter que cruzar o Atlántico e pagar impostos de aduana. Os salarios de miseria e o incumprimento das normas europeas explican isto.



Cartaz da manifestación naval e terrestre contra a OMC en Xenebra do pasado 27 de xullo. Foi o xeito de facer a contra de dous dos sectores máis afectados: o pesqueiro e o labrego

O Sindicato Labrego estivo presente nas mobilizacións de Xenebra

Xosé Ramón Cendán, membro das executivas do SLG e da Coordinadora Labrega Europea (CPE), participou nas mobilizacións e actividades celebradas contra a OMC en Xenebra, do 26 ao 29 de xullo. Cendán destacou "o afianzamento dos contactos entre os sindicatos agrarios da Vía Campesina, as ONGs e as organizacións sociais de todo o planeta ao redor do movemento *O noso mundo non está en venda*".

Para o responsábel de relacións internacionais do SLG "a Rolda de Doha que tentaba pechar agora a OMC ficou rota definitivamente e, sen dúbida, as mobilizacións sociais en todo o mundo tiveron o seu efecto".

Non embargante, Cendán advirte que foi "unha batalla gañada, pero a guerra aínda continúa". Así, lembra que a intención da OMC de liberalizar os mercados agrarios "pode seguir a través dos acordos entre multinacionais e países, ou con tratados bilaterais e rexionais".

Ademais, a Comisión Europea teima en proseguir as negociacións. Neste senso, "o Comisario de Comercio, Peter Mandelson, dixo que a Unión Europea ía pór todos os seus medios e diplomacia a traballar para reactivar as negociacións multilaterais".

No noso contexto, a liberalización da OMC suporía un desastre para as producións que manteñen vivo o noso medio rural. Así, a entrada de leite, carne, viño ou hortalizas de terceiros países a prezos tirados -grazas a que non respectan as esixencias sanitarias, ecolóxicas ou laborais que temos aquí- afundiría definitivamente estes sectores, xa dabondo castigados cos prezos de miseria que teñen que soportar hoxe.

Dez anos de OMC foron desastrosos para o reparto da riqueza

A Coordinadora Labrega Europea (CPE) e a Vía Campesina, organizacións internacionais ás que pertence o SLG, cualificaron esta noticia como unha "boa nova para os labregos e labregas de todo o mundo, aos que a liberalización comercial penaliza de plano".

Facendo memoria, a CPE e a Vía Campesina lembran que "as consecuencias de dez anos de OMC son desastrosas para o reparto da riqueza. Un informe recente da ONU demostra que, ao contrario do que se adoita a dicir, a liberalización comercial provoca un forte aumento da pobreza e da precariedade no mundo".

De todos xeitos, lonxe de cantar vitoria, advirten que este fracaso "será unha tregua a curto prazo se o acordo global da OMC se substitúe por tratados bilaterais, que tamén rexeitamos". Fronte a isto, unha alternativa: "o dereito de soberanía alimentaria", que é deixar que labregos e labregas produzan para abastecer as necesidades alimentarias dos países onde viven e traballan.

Tamén se congratulou a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) do Estado. Nun comunicado feito público, a COAG declaraba que "este estrepitoso fracaso supón unha estupenda noticia para o sector primario, tanto nos países desenvolvidos como nos que están en vías de desenvolvemento".

O SLG pide xustiza ao Tribunal Económico para as labregas sen paga por fill@s

A Axencia Tributaria desoe ao Congreso dos Deputados e obrígalles a volver os 100 euros que cobraban

O pasado 4 de agosto, a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego presentaba ante o Tribunal Económico e Administrativo un recurso en defensa das mulleres labregas ás que se lles está a negar a paga por ter fillos e fillas menores de tres anos ao cargo. Cúlpanas de non ter ingresos propios, o que acontece sempre que a labrega non é titular da explotación familiar na que traballa, responsabilidade que, de cotío, ten o cóxuxe.

O problema vén dende o mesmo intre en que se crearon as axudas destinadas as mulleres traballadoras que tivesen fillos ou fillas menores de tres anos ao seu cargo. O colectivo de nais labregas tamén solicitou esa axuda, e todas recibiron, nun principio, unha resposta afirmativa: tiñan dereito a esa axuda e, polo tanto, ían cobrala.

Así foi, ata que na declaración da renda levaron a sorpresa de que Facenda lles obrigaba a devolver os 1.200 euros cobrados ao longo do ano. A Secretaría das Mulleres pediu explicacións, e a resposta foi que estas labregas non tiñan ingresos propios por non ser titulares das explotacións nas que traballaban.

Nese intre, a Secretaría das Mulleres presentaba un recurso ante a Axencia Tributaria e denunciaba este claro caso de discriminación. Cómpre ter en conta que todas as afectadas eran, e son, profesionais da agricultura e da gandería que cotizan relixiosamente cada mes á Seguridade Social como tales.



Isabel Vilalba e Lidia Senra denunciaron a problemática das labregas diante dos medios de comunicación galegos

O caso chegou incluso ao Congreso dos Deputados da man do BNG. Alí, os grupos parlamentarios concluíron que non era necesario ser titular para cobrar esa axuda, nin ter ingresos propios imputados, posto que a lei contempla a situación laboral das mulleres que colaboran nas actividades profesionais. Pero nin con esas. A Axencia Tributaria rexeitou o recurso da Secretaría das Mulleres, e desoíu as recomendacións do Congreso.

Agora mesmo, a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego presentou un recurso diante do Tribunal Económico e Administrativo, e está a realizar un laborioso traballo para demostrar a inocencia destas traballadoras.

Desta maneira, técnicos e técnicas do SLG están a recompilar datos e documentos que certifiquen que estas mulleres son traballadoras, e tomándolles declaracións xuradas aos recolledores de leite, aos veterinarios, ao persoal xestor que lles fai a declaración da renda, á veciñanza, ao Concello, etcétera.

As mulleres terán voz no Consello Agrario Galego grazas ao Sindicato Labrego

O novo Consello Agrario Galego vén de nacer cunha eiva fundamental: dos seus 24 membros, só tres son mulleres. Como ben é sabido, no Consello Agrario hai 12 representantes da Administración, e catro por cada unha das organizacións agrarias galegas.

Dado que as tres mulleres do Consello están nel en representación do Sindicato Labrego, tanto a Xunta como os outros dous sindicatos -Xóvenes Agricultores e Unións Agrarias- esquecéronse da metade da xente do noso agro á que se supoñía que ían representar: as mulleres labregas.

Deste xeito, unha vez máis, será só o Sindicato Labrego Galego quen represente e defenda os intereses das profesionais da agricultura e da gandería do noso país. Unha mala nova que vén dun goberno autonómico que prometera a paridade nos altos cargos da Administración.

Por parte do SLG, forman parte do Consello Agrario Galego a Secretaria Xeral, Lidia Senra; a responsábel da Secretaría das Mulleres, Isabel Vilalba; Carme Freire e Manuel da Cal.

Compostela acollerá en outubro un Congreso Mundial de Mulleres da Vía Campesina

A organización internacional Vía Campesina, na que está integrado o Sindicato Labrego Galego, está organizando un Congreso Mundial de Mulleres que se celebrará en Compostela, do 18 ao 21 de outubro deste ano, baixo o slogan Labregas sementando igualdade. Neste evento, no que colaborará de maneira especial a Secretaría das Mulleres do SLG, analizarase o que significa a igualdade desde unha perspectiva feminista das labregas. O obxectivo será concretar unha serie de reivindicacións para demandar a nivel mundial con vistas a que esa igualdade sexa unha realidade.

Polo de agora, o Sindicato Labrego xa acadou o apoio da Dirección Xeral de Cooperación Exterior. Así, o pasado 6 de xullo -tras un encontro coa Secretaria Xeral do SLG e responsábel da área de muller da Vía Campesina en Europa, Lidia Senra-, a directora deste órgano da Consellaría de Presidencia, Fabiola Sotelo, comprometíase a apoiar o congreso.

Lidia Senra presentoulle a Sotelo o programa do congreso, no que participarán mulleres en representación de diferentes organizacións labregas galegas, españolas, europeas e mundiais para analizar a situación na que traballan e viven as mulleres do medio rural, en xeral, e as dedicadas ás actividades agrarias, en particular. As conclusións que saian deste evento terán unha grande importancia a nivel, pois a Vía Campesina é a organización agraria máis grande do mundo, agrupando a máis 40 millóns de labregos e labregas.



Lidia Senra obtivo o apoio da directora xeral de Cooperación Exterior para o Congreso

O Congreso Mundial de Mulleres da Vía Campesina contará coa participación de delegacións de diversas comunidades autónomas españolas; e da India, Corea, Guatemala, Honduras, Nicaragua, México, República Dominicana, Bolivia, Cuba, Estados Unidos, Colombia, Chile, Mozambique, Malí, Vietnam, Austria, Noruega, Francia, Holanda, Alemaña, Portugal, entre outros.

Axudas para a utilización de métodos de produción agraria compatibles co medio ambiente

Por medio da presente orde establécese a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2006, das axudas para a utilización de métodos de produción agraria compatibles co ambiente en Galiza.

Só poderán solicitar estas axudas aqueles beneficiarios que iniciasen compromisos en exercicios anteriores. Ademais, estes beneficiarios poderán solicitar a modificación de compromisos consistentes na subrogación ou conclusión total o parcial dos mesmos.

Non se poderán presentar solicitudes iniciais de participación nin solicitudes de ampliación de compromisos. O **prazo** de solicitude remata o **21 de agosto de 2006.**

Xornada de formación vitícola en Ribadavia

19 de agosto de 2006

- Os problemas fitopatolóxicos durante o ano.
- Preparación da vendima.
- Elaboración de biofertilizantes.
- Aplicación de métodos alternativos na análise de solos

Para inscribirse ou solicitar información, chamar ao 988 477 230
Organiza Sindicato Labrego Galego

Axudas para repoñer gando bovino por sacrificio en programas de erradicación de enfermidades

Axudas de concesión directa aos titulares de explotacións de gando bovino para a compra de animais da citada especie que teña por obxecto a reposición de efectivos naquelas explotacións en que se ordene o sacrificio de animais da especie bovina existentes nela, tras a realización do diagnóstico dunha das enfermidades sometidas a un programa oficial de erradicación de brucelose ou tuberculose.

Para poder ter dereito ás axudas establecidas nesta orde, é imprescindible o cumprimento estrito da normativa en vigor sobre epizootias, programas de erradicación de enfermidades animais e a relativa á vixilancia epidemiolóxica das encefalopatías esponxiformes transmisibles.

O **prazo** de presentación de solicitudes será ata o **21 de novembro** do ano 2006.

Habilitación do carné de aplicador e manipulador de fitosanitarios

Esta orde senta as bases para habilitar os carnés de manipulador de produtos fitosanitarios de nivel básico, expedidos en Galiza, para a utilización de produtos que non sexan ou xeren gases clasificados como tóxicos ou moi tóxicos.

Os titulares dos carnés mencionados no punto anterior que estean interesados en obter a devandita habilitación, deberán ter superadas as probas de aptitude dos cursos homologados, en convocatorias anteriores á do ano 2006.

O prazo de solicitudes estará aberto ata o **19 de decembro.**

Axudas para o fomento de accións da poboación local residente nas áreas dos parques naturais

A presente orde ten por obxecto o establecemento dun réxime de axudas no ámbito dos parques naturais encamiñadas á realización de accións que contribúan á protección e conservación dos recursos naturais, ao incremento de benestar dos habitantes dos parques naturais e ás súas áreas de influencia, a través de accións de apoio e fomento do desenvolvemento socioeconómico sustentable e á mellora da calidade de vida das poboacións locais.

Entre as accións subvencionábeis atópanse, entre outras: limpezas e rozas de predios agrícolas, mantemento de sebes e valados; recuperación de pozas, regas e levadas; recuperación de soutos, fragas e outras masas autóctonas arborizadas; limpezas e rozas; tratamentos silvícolas e fitosanitarios, plantacións e reposicións; mellora das explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais que se axusten aos contidos dos instrumentos de planificación e xestión do parque natural; axudas á transformación e comercialización de produtos tradicionais da zona; limpeza e mellora de camiños e outras infraestruturas viarias, recuperación de fontes e mananciais; mellora de vivendas e anexos con máis de quince anos de antigüidade; mellora de cubertas, recuperación de muros e paredes exteriores, hórreos, cobertizos e palleiros; accións de recuperación de elementos de carácter arquitectónico civil, cultural e etnográfico

Poderán ser beneficiarios das axudas reguladas nesta orde, entre outras, as persoas propietarias de terreos nalgunha das parroquias total ou parcialmente incluídas no parque natural; titulares, propietarios ou arrendatarios de explotacións agrarias, gandeiras ou forestais situadas dentro do parque natural.

O **prazo** de presentación de solicitudes rematará o 1**8 de agosto de 2006**. Máis información nas oficinas do Sindicato Labrego.

Incentivos de afiliación á Seguridade Social de cotitulares de explotacións

Incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares de explotacións agrarias de Galiza.

Poderán ser beneficiarias do programa regulado nesta orde as persoas cotitulares de explotacións agrarias, incorporadas ao réxime especial agrario da Seguridade Social, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a súa incorporación se produza a partir do 1 de xaneiro de 2006.

b) Que o seu ou a súa cónxuxe, cotitular da explotación, estea de alta no mesmo réxime especial.

c) Ter corenta ou menos anos de idade.

d) Terse acollido á redución do 30 por cento das cotas á Seguridade Social.

Esta axuda consistirá no aboamento do 20 por 100 da cota por continxencias comúns de cobertura obrigatoria que corresponda ingresar, calculada en función da base de cotización que corresponda e o tipo de cotización do 18,75 por cento.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 30 de setembro de 2006.

Axudas para rematar o exterior de vivendas unifamiliares rurais

Esta orde abre a convocatoria, no exercicio económico de 2006, para as subvencións destinadas ás persoas físicas promotoras de vivendas unifamiliares rurais, con baixos ingresos, para que poidan rematar os exteriores das súas casas, quedando protexidas da humidade e o clima en condicións de salubridade e seguridade, adecuadas ao medio e á paisaxe e respectuosas coa tipoloxía tradicional da zona.

As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabamentos serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento.

Quedan excluídos e prohibidos, e poden ser razón de perda da subvención, o uso de materiais inadecuados como bloques de formigón visto, e uralita-fibrocemento de calquera tipo vistos, e argamasas monocapas.

Poderán solicitar as subvencións as persoas promotoras de vivendas unifamiliares rurais, obteñan uns ingresos fami-liares ponderados que non excedan 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) do correspondente exercicio do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).

O **prazo** para efectuar a solicitude para esta liña de axudas rematará o **31 de agosto de 2006.**

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

Bicicleta de carreiras BH Iseran, en bo estado.

Preguntar por Marcelino no teléfono 981 690 499

Véndense

-2 tanques de frío de 250 e 100 litros.

-1 motor de muxidora WESTFALIA

-1 xovenca de dous anos próxima ao parto.

Chamar aos números de teléfono 981 790 331 e 679 462 072

Véndense

-Cultivador de 11 brazos.

-Abonadora VICON.

Chamar ao 628 071 424

Véndense

-Coelleiras seminovas.

-Trigo do país.

-Desensiladora seminova marca STRAUMAN, con dobre serra.

Chamar ao 881 060 123

Véndese

Peuegot 206 diesel, por ampliación de familia. En bo estado. Prezo: 5.000 euros.

Chamar aos números de teléfono 619 348 426 e 981 805 002

Véndese

Herba seca en rulos.

Chamar ao 981 681 103

Véndese

Cisterna de 3.000 litros. En bo estado.

Chamar ao 609 733 289

Véndense

-Tanque de frío de 1.250 litros, de dous muxidos.

-Circuíto de 4 puntos, con bomba de 900 litros e unidade final de 60 litros. Trifásico.

Chamar ao 690 227 628

Véndese

Rolos de herba seca en Santa Cristina, Cospeito (Lugo).

Chamar ao 982 505 755

Véndese

Desensiladora VICON.

Chamar aos números de teléfono 982 164 075 ou 699 054 057

Véndese

Cabras de cabritos.

Chamar ao 986 684 111

Véndese

Bañeira de frío de 630 litros.

Chamar ao 699 185 077

Véndese

Colleita de millo a bo prezo.

Chamar aos números de teléfono 982 187 949 ou 630 692 366

Véndese

Ordenador de 2 MG en bo estado. En Abadín (Lugo)

Preguntar por Manolo no teléfono 616 060 146

Véndese

Casa de pedra con finca de 2 hectáreas en Pino (Cospeito).

Preguntar por Isolina no teléfono 687 152 226

Véndense

-Soldadura trifásica SAETA.

-Tronzadora de ferro trifásica CUTING

-Compresor PUSKA de 80 litros.

-Forxa e zafra.

-Esmeril trifásico LIGUR.

-Limadora trifásica RILE.

Chamar ao 982 401 814

Véndese

Renault 4, coa ITV acabada de pasar, a bo prezo.

Chamar ao 982 167 450

Véndese

Prensa manual para facer queixos. En bo estado.

Chamar ao 609 773 289

Véndense

-Ocas.

-Unha segadora con remolque incorporado.

Chamar aos números de teléfono 646 307 320 ou 981 774 561

Véndense

-Batedor de zurro, 4 lamias (coas cubertas de coche) marca MOMO, e 4 rodas novas de lamia 15.

-Viño de colleita propia, da zona de Paradela.

Preguntar por Ovidio no teléfono 610 258 060

Véndese

Lavadora para circuíto de muxido.

Chamar ao 629 308 667

Véndense

2 poldras, 1 besta, e un cabalo castrado de traballo.

Preguntar por Antonio no teléfono 982 187 272

Véndese

Autocargador seminovo, todo galvanizado.

Chamar ao 981 788 221

Véndese

Autocargador marca JB. Anchura máxima 18 metros. Capacidade de 18 m_3. Na Limia (Ourense). Prezo: 1.500 euros.

Chamar ao 676 388 985

Véndese

Tanque de leite de 200 litros, marca ALFA LAVAL.

Chamar ao 986 578 364

Véndense

Porcos de raza Celta, na zona de Betanzos.

Chamar ao 629 140 085

Véndense

-Arrincadora de patacas.

-Desensiladora de pinza.

-Empacadora

-Remexedor de xurro.

Chamar ao 676 773 374

Véndese

Colleitadora de cereal marca DEUTZ FAHR 4065. Corte de 5-5'5 metros. Prezo: 39.065 euros (6.500.000 pesetas). Na bisbarra da Limia (Ourense).

Chamar ao 666 804 306

Véndese

Tanque de frío ALFA LAVAL, en perfecto estado.

Chamar ao 981 796 590

Véndese

Invernadoiro completo de 1.480 m_2, fabricado por Invernadoiros Trigo no ano 2001.

Preguntar por Pepe no teléfono 655 969 680

Véndense

-Trigo do país, calidade extra.

-Herba seca picada de segundo corte en rolos.

Chamar ao 653 781 267

Véndense

-Tractor LAMBORGINI 1306.

-Tractor JONH DEERE 3650.

-Picadora NEW HOLLAND 2305 CP

-Tanque WESTFALIA de 1.700 litros.

Chamar ao 696 718 076

Véndense

-Tractor RENAULT 110-54, en bo estado.

-Moto Trial de 350 cc, edición Jordi Tarrés.

Preguntar por Carlos ou Xosé Manuel no 686 118 173

Véndense

Cabritos na Pastoriza (Lugo).

Chamar aos números de teléfono 982 249 014 e 626 592 286

Véndense

-Rotativa con acondicionador POTTINGER.

-Carro mesturador.

-Tractor FIAT 8894 DT.

Chamar ao 630 883 662

Véndense

Dous comedeiros móbiles de 14 unidades cada un, e base reforzada.

Chamar ao 699 063 642

Véndese

Conxelador ZANUSSI, de 500 litros. Un ano de uso.

Chamar ao 609 733 289

COMPRAS

Mércase

Clasificadora de ovos antiga. Urxente.

Chamar ao 630 640 136

Mércanse

-Desbrozadora de 1'5 metros de ancho.

-Autocargador rotativo.

Preguntar por Antonio no teléfono 680 385 068

Mércanse

Conxelador e neveira.

Chamar ao 881 060 123

Mércanse

Cornadizas (unhas 20 unidades).

Chamar aos números de teléfono 982 164 075 e 699 054 057

Mércase

Desensiladora, en bo estado.

Chamar ao 609 733 289

OUTROS

Ofrécense

Para facer traballos de recollida e transporte de millo e herba. Na zona de Sobrado, Curtis e Vilasantar. O traballo farase por orde de contratación.

Chamar pola noite e preguntar por Xosé Antonio nos teléfonos 636 615 838 e 981 787 579

Búscase

Comunal en arrendamento para explotación de cabrún no sur de Galiza.

Preguntar por Manuel Pérez no 650 877 068

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Unha das armas de fogo máis destrutivas que existen é o lume.

EVITÉMOLO

Carnota, agosto 2005

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

medio rural